

## A ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA CONMEMORA O DÍA MUNDIAL DO PÁRKINSON

- O Clínico, centro de referencia para esta enfermidade, está á vangarda na abordaxe desta patoloxía
- 390 pacientes foron sometidos á cirurxía do párkinson e 181 trataron o seu tremor co HIFU (á maioría por tremor esencial pero tamén asociado a esta doenza)

**Santiago, 11 de abril de 2024.-** A Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza únese á conmemoración do *Día Mundial do Párkinson*, reiterando o seu compromiso co tratamento e a atención a esta enfermidade neurodexenerativa. O Hospital Clínico Universitario de Santiago é centro de referencia na enfermidade do párkinson avanzado polo que está á vangarda no tratamento desta patoloxía, con continuos avances.

É a segunda enfermidade neurodexenerativa con maior prevalenza en España. A *Sociedad Española de Neurología* (SEN) estima que actualmente en España existen, polo menos, unhas 150.000 persoas afectadas por Párkinson, una cifra que se triplicará dentro de 30 anos polo aumento da esperanza de vida e polos avances diagnósticos e terapéuticos que experimentou esta enfermidade.

A unidade compostelá de Párkinson ten 1.695 doentes a seguimento e diagnostica 90 novos casos cada ano.

Dende hai 3 anos, o centro compostelá incorporou a uso de Ultrasón de Alta Frecuencia (HIFU) para o tratamento do tremor, maioritariamente esencial, pero tamén para o tremor asociado á enfermidade de párkinson. Dende entón no Hospital Clínico de Santiago tratáronse 181 pacientes con HIFU, incluíndo 4 casos bilaterais.

Esta técnica veu complementar a atención a estes doentes que xa dispoñían dun amplo abano de abordaxes. Xa dende o ano 2000, o Clínico foi pioneiro na realización do cirurxía do párkinson para pacientes que non teñen un bo control con medicamentos orais e que permite mellorar significativamente a calidade de vida dos nosos pacientes. Dende a súa posta en marcha son 390 os pacientes sometidos á cirurxía.

Tamén é un dos centros que máis tratamentos de infusión oral administra de forma continua: infusión continua, levodopa, a apomorfin.

Estes avances reflicten o compromiso para proporcionar o mellor e máis avanzada atención aos pacientes con este doenza neurodexenerativa, demostrando o impacto positivo destas innovacións na vida dos doentes.

**Saúdos,**